



ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
XGL/2017/27	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	5 de xuño de 2017
Duración	Desde as 9:45 ata as 10:05 horas
Lugar	SALA DE SESIÓNS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario	BERTA ALONSO SOTO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77010633D	ANDRÉS GARCÍA BASTÓN	NON
53171075C	EVA RODRÍGUEZ CALVAR	NON
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	NON
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	NON
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	NON
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	NON
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	SÍ
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSÉ MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNXELA VIZOSO MARCOS	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.



A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar os borradores das actas das sesións anteriores da Xunta de Goberno Local, realizadas os días 23 e 29 de maio de 2017.

EXPEDIENTE 3473/2017. SOLICITUDE DE PASAXE PERMANENTE INSTADA POR P.O.B.

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Con relación á solicitude presentada por P.O.B. na que solicita pasaxe permanente na Baixada ao Peirao de Aldán, nº1, non existe ningún inconveniente en aceptar o solicitado.

O presente acordo de autorización carecerá de validez sen a obtención previa da licenza de primeira ocupación, cédula de habitabilidade ou informe do departamento de Urbanismo, relativo a se conta con licenza municipal de obras a edificación onde se pretende instalar o referido sinal.

EXPEDIENTE 3502/2017. SOLICITUDE DE COLOCACIÓN DUN ESPELLO EN CIMA DE VILA, 17, INSTADA POR E.D.V.

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Con relación ao escrito presentado por E.D.V., que solicita a colocación dun espello en Cima de Vila, nº 17, informa que o concello non instala espellos para entradas e saídas de propiedades privadas.

Non existe inconveniente en que o solicitante adquira un espello e o instale nun lugar fóra do carril de circulación para mellorar a visibilidade e a seguridade vial.

EXPEDIENTE 3240/2017. SOLICITUDE DE PASAXE PERMANENTE NA AVDA. DE BUEU, Nº 54-CANGAS, INSTADA POR M.V.P.M.

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A instancia de M.V.P.M., (administradora de predios) na que solicita unha placa de pasaxe permanente para o garaxe do edificio sito na Avda de Bueu, nº 54.



- * Que os axentes actuantes non observan ningún tipo de impedimento para que se conceda o solicitado.
- * Que sería necesario ademais pintar horizontalmente unha liña amarela lonxitudinal continua (3 metros) na fronte do garaxe afectado polo sinal.

O presente acordo de autorización carecerá de validez sen a obtención previa da licenza de primeira ocupación, cédula de habitabilidade ou informe do departamento de Urbanismo, relativo a se conta con licenza municipal de obras a edificación onde se pretende instalar o referido sinal.

EXPEDIENTE 3379/2017. LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE 3379/2017 (Expte.: 25.465).- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN A PETICIÓN DE "PROMOCIONES PLAYA LANZADA 2012 SL"

Visto o o informe-comprobación, emitido ao respecto polo arquitecto municipal, con data 29 de maio de 2017 e os planos do estado final de obra visados 05.05.2017, propónse outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN a "PROMOCIONES PLAYA LANZADA 2012, SL", con enderezo a efectos de notificacións en Estrada Lanzada, nº 65-O Grove-Pontevedra, para edificio de seis vivendas e local sito na Avenida Jose Graña, s/n, Espiñeira-Aldán, construída ao abeiro da licenza municipal Nº 24.505.

EXPEDIENTE 906/2017. COMUNICACIÓN PREVIA URBANÍSTICA

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 26.256 (906/17).- Dáse conta da comunicación previa presentada por B.L.M., para realización dun cerramento, no lugar de Nerga-O Hío, de conformidade coa documentación presentada. O presuposto de execución das obras ascende a mil douscentos euros (1.200,00 €).

EXPEDIENTE 3396/2017. CAMBIO DE TITULARIDADE PARA O EXERCICIO DE ACTIVIDADE

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 3396/2017.- Dáse conta da comunicación previa presentada por J.O.I., de cambio de titularidade da licenza de actividade de bar sito en Rúa do Hío, nº 2, que antes rexentaba M.L.N.N. con licenza nº 1519/2011.



EXPEDIENTE 727/2017. INFRACIÓN URBANÍSTICA 13/2016-V.M.G.

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Expediente núm.: 13/2016-727/2017

Procedemento: proposta de sanción para a Xunta de Goberno Local

Documento asinado por: o instrutor do expediente

Visto o expediente de referencia iniciado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 12 de setembro do 2016, resulta que:

PRIMEIRO.- Por parte de V.M.G. e segundo consta no expediente anterior de restauración da legalidade urbanística, efectuáronse no lugar de Liméns-O Hío, obras sen licenza consistentes en actuar sobre zona destinada ao espazo viario sen axustarse á licenza municipal sendo a construción de carácter ilegalizable, segundo informe do arquitecto municipal de data 18 de maio do 2016.

SEGUNDO.- Iniciado expediente de sanción por acordo da Xunta de Goberno Local en data 12 de setembro do 2016 dentro do prazo outorgado neste expediente de sanción para formular alegación ou para aportar documentos e informacións, o interesado non presenta escrito de alegacións.

TERCEIRO.- Que se ten que declarar probado sen necesidade de práctica de proba a existencia de obras, o que constitúe unha infracción urbanística tipificada no artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, podendo clasificarse como grave segundo o determina o artigo 158.3 da mesma norma citada.

CUARTO.- Que V.M.G., na súa calidade de promotora é responsable directa da referida infracción.

QUINTO.- Que de acordo co establecido nos artigos 161 da Lei 2/2016, en canto á gravidade da materia se refire e o suficiente importante para graduar a sanción a impoñer na súa contía seis mil un euros (6.001€). Indicar ao interesado que se legaliza as obras realizadas antes da resolución do presente expediente reducirase a contía da sanción nun 90%.

Con data 15 de maio do 2017 M.M.P., presenta escrito manifestando que foi demolida a esquina obxecto do expediente de disciplina urbanística.

Con data 23 de maio do 2017 a inspección municipal informa que:

“Presentado no lugar comprobo que foi retirada a parte do 'banco' (obxecto do expte. de reposición da legalidade urbanística 13/2016-727/2017) que se lle indicou retirar segundo a tira de liñas facilitada”.

Vista o informe da inspección municipal procede a redución da sanción nun 90%.

SEXTO.- Que de conformidade co sinalado no artigo 88.7) da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas nos procedementos de carácter de sanción,



a proposta de resolución deberá ser notificada aos interesados nos termos previstos no artigo seguinte.

O órgano instrutor resolverá a finalización do procedemento, con arquivo das actuacións, sen que sexa necesaria a formulación da proposta de resolución, cando na instrución do procedemento se poña de manifesto que concorre algunha das seguintes circunstancias:

- a) A inexistencia dos feitos que puideran constituír infracción.
- b) Cando os feitos non resulten acreditados
- c) Cando os feitos probados non constituían, de modo manifesto, infracción administrativa.
- d) Cando non exista ou non poida identificar á/ás persoa/persoas responsables ou ben que aparezan exentos de responsabilidade.
- e) Cando se teña concluído, en calquera momento a prescrición da infracción.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes de sanción en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

* Impoñer a V.M.G., na súa calidade de promotor unha multa de sanción de seiscentos euros con dez céntimos (600,10 €), por infracción ao ter cometido obras no lugar de Liméns-O Hío, consistentes en actuar sobre zona destinada ao espazo viario sen axustarse á licenza municipal, sendo a construción de carácter ilegalizable, segundo o informe do arquitecto municipal de data 18 de maio de 2016.

Advírtese ao interesado que as sancións impostas ao abeiro da Lei 2/2016 reducirase na súa contía nun 50% se son aboadas no prazo de período voluntario e, neste mesmo prazo, o infractor amosa por escrito a súa conformidade con estas e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.

RECURSOS PROCEDENTES.- Contra o acordo primeiro do presente documento que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN perante o alcalde deste Concello no prazo de un mes, contado a partir do día seguinte a esta notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben interpor directamente RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO perante do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de DOUS MESES, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vde. calquera outro recurso que puidese estimar mais conveniente ao seu dereito.

EXPEDIENTE 49/2017. INFRACCIÓN URBANÍSTICA EXPTE. 12/2016.- M.F.P.



Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Expediente nº: 12/2016/49/2017

Procedemento: proposta de sanción

Documento asinado por: a instrutora do expediente

Visto o expediente de referencia iniciado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 5 de decembro do 2016, resulta que:

PRIMEIRO.- Por parte de M.F.P. e segundo consta no expediente anterior de restauración da legalidade urbanística, efectuáronse no lugar de Rabáns-O Hío, obras sen licenza consistentes en realizar dúas edificacións de planta baixa de 60,00 m²., así como cerramentos de 2,00 metros de alto, sendo a construción de carácter ilegalizable segundo o informe do arquitecto municipal de data 20 de xaneiro de 2017.

SEGUNDO.- Iniciado expediente de sanción por acordo da Xunta de Goberno Local en data 5 de decembro do 2016 dentro do prazo outorgado neste expediente de sanción para formular alegación ou para aportar documentos e informacións, o interesado con data 3 de febreiro do 2017 presenta escrito de alegacións manifestando en síntese que: "Se paralice o expediente de sanción xa que se está a realizar o proxecto de legalización das obras obxecto deste expediente".

Con data 25 de maio do 2017 a inspección municipal de obras informa que:

“Presentado no lugar comprobo que foi repostada a legalidade urbanística”.

TERCEIRO.- Que se ten que declarar probado sen necesidade de práctica de proba a existencia de obras, o que constitúe unha infracción urbanística tipificada no artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, podendo clasificarse como grave segundo o determina o artigo 158.3 da mesma norma citada.

CUARTO.- Que M.F.P., na súa calidade de promotor é responsable directo da referida infracción.

QUINTO.- Que de acordo co establecido nos artigos 161 da Lei 2/2016, en canto á gravidade da materia se refire, e o suficiente importante para graduar a sanción a impoñer na súa contía seis mil un euros (6001,00 €). Indicar ao interesado por legalizar as obras realizadas antes da resolución do presente expediente reducirase a contía da sanción nun 90%.

SEXTO.- Que de conformidade co sinalado no artigo 88.7) da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas nos procedementos de carácter de sanción, a proposta de resolución deberá ser notificada aos interesados nos termos previsto no artigo seguinte.

O órgano instrutor resolverá a finalización do procedemento, con arquivo das actuacións, sen que sexa necesaria a formulación da proposta de resolución, cando na instrución do procedemento se poña de manifesto que concorre algunha das seguintes circunstancias:



- a) A inexistencia dos feitos que puideran constituír infracción.
- b) Cando os feitos non resulten acreditados.
- c) Cando os feitos probados non constituían, de modo manifesto, infracción administrativa.
- d) Cando non exista ou non poida identificar á/ás persoa/persoas responsables ou ben que aparezan exentos de responsabilidade.
- e) Cando se teña concluído, en calquera momento a prescrición da infracción.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes de sanción en materia de disciplina urbanística, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

* Impoñer a Manuel Freire Pateiro, na súa calidade de promotor unha multa de sanción de seiscentos euros con dez céntimos (600,10 €) por infracción ao ter cometido obras no lugar de Rabáns-O Hío, consistentes en realizar realizar dúas edificacións de planta baixa de 60,00 m2., así como cerramentos de 2,00 metros de alto, sendo a construción de carácter ilegalizable, segundo o informe do arquitecto municipal de data 20 de xaneiro do 2017 e unha vez comprobado que foi reposta a legalidade urbanística, de conformidade co informe de 25 de maio do 2017 da inspección municipal de obras.

Advírtese ao interesado que as sancións impostas ao abeiro da Lei 2/2016, reducirase na súa contía nun 50% se son aboadas no prazo de período voluntario e, neste mesmo prazo, o infractor amosa por escrito a súa conformidade con estas e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.

EXPEDIENTE 425/2017. QUIOSCOS PRAIAS 2017

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

PROPOSTA DE ACORDO DA ALCALDÍA

Con rexistro de entrada do 19 de xaneiro de 2017, recibíuse oficio do xefe do Servizo de Costas de Pontevedra expresando os criterios de actuación para a elaboración e explotación dos plans de ocupación con servizos de tempada nas praias durante a tempada estival do ano 2017. Así mesmo, a Xefatura Provincial de Costas, insta aos concellos, como en anos anteriores, a constituírse en xestores do programa de autorización de explotacións.

O anuncio remitido polo Servizo Provincial de Costas, no cal se instaba a todos os interesados a presentar solicitudes de autorización para a explotación de servizos de tempada nas praias do noso municipio, foi exposto no taboleiro de anuncios do Concello.

Con base nas concesións autorizadas polo Servizo Provincial de Costas no ano pasado, xunto coas solicitudes e propostas dos interesados, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Procédese á aprobación da solicitude presentada, xa rematado o prazo inicial de presentación de solicitudes e engadila ao plan de ocupación aprobado na Xunta de Goberno Local do 24.04.2017, e en virtude deste solicítese do Servizo Provincial de Costas en Pontevedra, a preceptiva autorización para a instalación do servizo relatado.



PLAN DE OCUPACIÓN SERVIZOS DE TEMPADA PRAIAS DE CANGAS-2017

En data 19 de xaneiro de 2017, achegouse escrito do Servizo Provincial de Costas de Pontevedra remitindo a circular comprensiva dos criterios a ter en conta na elaboración e explotación de servizos de tempada nas praias do Concello.

Unha vez examinada a mencionada circular, os pedimentos previos realizados polos interesados e as necesidades en canto a servizos que se presentan cada tempada nas diferentes praias, considérase preciso cubrir os servizos de tempada, no período comprendido entre os días 15 de maio e 30 de setembro, nas praias que a continuación se indican:

1. Praia de Francón (Aldán):

- (1) Un quiosco de 8,00 m2., e superficie para 30,00 m2., de terraza.

EXPEDIENTE 254/2017. MERCADIÑO 2017

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

PROPOSTA DE PRÓRROGA DAS LICENZAS MUNICIPAIS DE VENDA AMBULANTE PARA O ANO 2017

I.-O Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas (BOP da Provincia de Pontevedra nº 67 de 8 de abril de 2013) no seu capítulo IV prevé que as autorizacións se outorgan por períodos anuais, sendo obxecto de renovación previa solicitude do interesado por períodos sucesivos coincidentes co ano natural previa presentación da documentación orixinal esixida polo Concello.

Por tal motivo, rematado o período de autorización correspondente ao ano 2016, os titulares foron requiridos co fin de que solicitasen a preceptiva renovación para o ano 2017 no modelo formalizado proporcionado outorgando un período de tempo para tal efecto.

II.- O Órgano competente para o outorgamento das licenzas municipais é a Xunta de Goberno Municipal segundo o artigo 18.2 do regulamento que dispón que se concederán “previa comprobación dos requisitos legalmente establecidos”.

III.- Comprobada a documentación presentada polos interesados dentro do prazo outorgado para a renovación de licenzas, despois de emendar as deficiencias observadas inicialmente por cumprir cos requisitos esixidos, procede adoptar o presente acordo polo que se outorga a renovación para o presente ano 2017 das licenzas municipais de venda ambulante das que son titulares as persoas que a continuación se identifican.

IV.- Do mesmo xeito procede, tralo remate do proceso indicado, declarar revogadas as licenzas de venda ambulante daqueles titulares que non presentaron a súa solicitude de renovación dentro do prazo outorgado.

Á vista do anteriormente exposto, a Xunta de Goberno Local ACORDA:

Primeiro.- Renovar as licenzas municipais de venda ambulante para o ano natural 2017 ao abeiro do disposto no Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas



Concello de Cangas

(BOP 08.04.2013) a:

-Ref: 12. Daniel Torres Cardoso.

Segundo.- Dar traslado deste acordo aos interesados xunto cos recursos procedentes, así como aos departamentos municipais de Tesourería, Estatística e Concellería de desenvolvemento económico e emprego local.

EXPEDIENTE 3123/2017. SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DE FIANZA OU CANCELACIÓN DE AVAL

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Primeiro.- Recoñecer a devolución do aval bancario por importe de cinco mil setenta e sete euros con vinte e dous céntimos (5.077,22 €), depositado pola empresa "Montajes Darbo SL", no expediente nº 20.755, licenza de obras nº 20.875.

Segundo.- Notificar este acordo ao interesado.

EXPEDIENTE 3076/2017. DACIÓN DE CONTA DA SENTENZA 90/2017 DO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 2 DE PONTEVEDRA RESOLUTORIA DO PA 90/2017 (REF. X-16/17)

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

DACIÓN DE CONTA DA SENTENZA 90/2017 DO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 2 DE PONTEVEDRA RESOLUTORIA DO PA 90/2017 (REF. X-16/17)

Visto o contido da sentenza número 90/2017 ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Pontevedra, recaída no procedemento abreviado nº 340/2017 co fallo seguinte:

“Que, estimando o recurso contencioso-administrativo, presentado polo procurador D. P.A.L.L., en representación de Dna. A.V.G., contra a desestimación por silencio administrativo da reclamación de responsabilidade patrimonial presentada perante o Concello de Cangas, declaro que a actividade administrativa impugnada non é conforme a dereito e condeno ao Concello de Cangas-Pontevedra a pagar á demandante a cantidade de trescentos cinco euros con trinta e oito céntimos (305,38€), cos intereses legais correspondentes desde a data da reclamación (25.02.2016). As custas impóñense á administración demandada, sen que a súa contía exceda de trescentos euros (300,00€) en concepto de gastos de defensa e representación.

Notifíquese esta resolución ás partes, facéndolles saber que contra esta non cabe interpor recurso ningún e procédese a remitir testemuña desta sentenza xunto ao expediente administrativo”.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Visto que o Concello ten subscrita unha póliza de seguro con MAPFRE para a cobertura destas contingencias, cunha franquía de trescentos euros (300,00 €).

Propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da sentenza número 90/2017 ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Pontevedra, recaída no procedemento abreviado nº 340/2017, instruído a instancia de Dna. A.V.G. en reclamación de responsabilidade patrimonial.

SEGUNDO.- Recoñecer a obriga por importe de trescentos euros (300,00 €) a favor de Dna. A.V.G., con cargo á aplicación 920.226.99 do vixente orzamento de gastos.

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo a Intervención, Tesourería, Apoio Xurídico e Secretaría, así como, á aseguradora MAPFRE.

EXPEDIENTE 3558/2017 (X-03/10) SENTENZA Nº 819/2006 SERAGUA FCC UTE

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a Sentenza nº 819/2006 ditada pola Sala do Contencioso Administrativo-Seción 002 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no Procedemento Ordinario nº 4350/2003, instruído a instancia da mercantil SERAGUA FCC UTE (agora UTE AQUALIA GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA SA, e FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS SA) pola que se condena a este Concello a aboarlle á reclamante a cantidade de seiscentos noventa e seis mil catrocentos cincuenta e dous euros con sete céntimos (696.452,07 €) en prazos liñais mensuais durante un período de 10 anos.

Visto o escrito de data 14.12.2016 recibido o día 20.12.2016 (entrada nº 17969) no que o TSX de Galicia require a este Concello para que: *“prosiga en debida forma a execución da sentenza resolutoria no presente proceso ata que se complete a totalidade do pago ordenado na dita sentenza”*.

Por todo o exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Recoñecer a obriga por importe de sesenta e nove mil seiscentos corenta e cinco euros con vinte e un céntimos (69.645,21€), en concepto de principal correspondente ao exercicio 2017 (décima e última anualidade), a favor de "AQUALIA GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA SA, e FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS SA UTE", co CIF nº U-36768927, con cargo á aplicación 161-22699 do vixente orzamento municipal.

Segundo.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención, Tesourería e Apoio Xurídico.

EXPEDIENTE 6/2017. DACIÓN DE CONTA DA SENTENZA 105/2017 DO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 3 DE PONTEVEDRA RESOLUTORIA



DO PA 396/2016(REF. X-17/01)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentime
nto

DACIÓN DE CONTA DA SENTENZA Nº 105/2017 DO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 3 DE PONTEVEDRA RESOLUTORIA DO PA Nº 396/2016 (REF. X-17/01)

Visto o contido da Sentenza nº 105/2017 ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 3 de Pontevedra, recaída no procedemento abreviado nº 396/2016 co fallo seguinte:

“Previa declaración do recoñecemento parcial de pretensións da parte actora (punto 1 do suplico da súa demanda), provocado pola resolución de 03.02.2017 da Alcaldía do Concello de Cangas neste asunto, ESTIMO o presente recurso contencioso, formulado pola representación procesal de Alfonso Penela Fernández, seguido como PA 396/2016 perante este xulgado fronte a dito Concello sobre desestimación de requirimento para a devolución de aval constituído pola parte actora con motivo da suscripción do contrato “Finalización das obras de construción de piscina cuberta municipal (Lugar de Verín s/n Coiro) do Concello de Cangas”, na parte das pretensións da demanda que figura no ordinal nº 2 do seu suplico e que non se veu recoñecida en vía administrativa con motivo da resolución da alcaldía de febreiro de 2017.

En consecuencia, condeno ao Concello de Cangas a aboarlle ao recorrente a cantidade de setecentos cincuenta euros (750,00€) mailos intereses correspondentes desde as datas respectivas en que houbo de afrontar o pago das cotas trimestrais correspondentes ata a data en que se fixo efectiva a devolución; importe este último a fixar en sede de execución de sentenza.

Non ha lugar a condena en materia de custas.

Esta sentenza é firme pois fronte dela non cabe recurso ordinario ningún”.

Propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da Sentenza nº 105/2017 ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 3 de Pontevedra, recaída no procedemento abreviado nº 396/2016, instruído a instancia de A.P.F.

SEGUNDO.- Recoñecer a obriga por importe de setecentos cincuenta euros (750,00€) a favor de D. A.P.F., con cargo á aplicación 2017/0/920/22604/01 do vixente orzamento de gastos.

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo a Intervención, Tesourería, Apoio Xurídico e Secretaría.

EXPEDIENTE 45/2017. DACIÓN CONTA DE RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DE AXUDA POLA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN



UNIVERSITARIA PARA DOTACIÓN DE NOVIDADES EDITORIAIS EN GALEGO EN FORMATO FÍSICO

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria publicou no DOG nº 70 de data do 10 de abril de 2017, Resolución do 29 de marzo de 2017, pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 19 de decembro de 2016 (Diario Oficial de Galicia nº 4 do 5 de xaneiro de 2017) pola que se establecen as bases reguladoras da subvención destinada a concellos de Galicia para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico, con destino ás bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de Bibliotecas de Galicia, concedendo ás cinco bibliotecas do concello de Cangas, dous mil cento noventa e sete euros con cincuenta céntimos (2.197,50 €).

EXPEDIENTE 2040/2017. SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN “AXUDAS A CONCELLOS DESTINADAS Á MELLORA DOS MONTES MEDIANTE A CREACIÓN DE PARQUES FORESTAIS” PUBLICADA POLA DEPUTACIÓN

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E TURISMO, D^a TANIA CASTRO PAREDES, S/SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA (BOPPO 66)

Con base na convocatoria publicada no BOPPO 66/2017, titulada “Axudas a concellos destinadas á mellora dos montes mediante a creación de parques forestais. Convocatoria de subvencións a concellos destinados á mellora dos montes mediante a creación de parques forestais”, a Deputación de Pontevedra lanza dúas liñas de axudas para conformar parques forestais, cun mínimo de 50 ha, nos concellos que cumpran os requisitos e se comprometan a aportar o 20% do investimento total a realizar. As liñas de axudas contemplan:

- Liña 1: a redacción dun proxecto técnico do parque ou parques forestais que se queiran conformar no que se contemplan as accións necesarias, memoria valorada, etc.
- Liña 2: o investimento material para levar a cabo un parque forestal cun proxecto redactado con anterioridade.

Tras reunirse e coordinarse coas comunidades de montes de Coiro, O Hío e Darbo, a concelleira de medio ambiente e turismo do Concello de Cangas propón á Xunta de Goberno Local o acordo adoptado na última reunión que se trata do seguinte:

- Solicitar a subvención de tres proxectos de parques forestais (Liña 1):
 - Proxecto: Parque forestal Monte de Coiro.
 - Proxecto: Parque forestal Nerga-Massó.
 - Proxecto: Parque forestal Montes de Varalonga.



Concello de Cangas

O importe destas solicitudes suma un total de (6.000 x 3) dezoito mil euros (18.000 €) dos que:

A Deputación de Pontevedra comprométese a asumir o 80%, é dicir, (4.800 x 3) catorce mil catrocentos euros (14.400 €).

- O Concello de Cangas comprométese a asumir o 20%, é dicir, (1.200 x 3) tres mil seiscentos euros (3.600 €).

EXPEDIENTE 3329/2017. SOLICITUDE Á VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA DE ADXUDICACIÓN DE EQUIPAMENTOS DE EMERXENCIAS PARA CONCELLOS-2017

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentime
nto

Examinada a Orde do 4 de maio de 2017, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións para o ano 2017 para a adxudicación de equipamento de emerxencias en réxime de concorrencia competitiva a concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupacións de concellos galegos, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020.

Visto o informe do responsable de Protección Civil Municipal no que fai constar:

“Que o noso Concello conta con 38 areas que na temporada de verán están masificados pola asistencia de turistas os que hai que garantir a súa seguridade.

Que o Concello de Cangas está cumprindo cada ano coa cobertura de seguridade e emerxencias nos areas.

Que o Concello de Cangas ten implantado o PLAN SAPRAGA.

Que entre os recursos materiais que dispoñemos están dúas embarcacións de 4,20 metros e motores de 25CV, claramente insuficientes para dar cobertura a todos os areas.

Que a antigüidade destas sobrepasa os 10 anos e o deterioro polo uso é importante, dando moitos problemas de estanqueidade e avarías mecánicas.

Que aparte de cubrir os areas do noso concello tamén colaboramos a pedimento do CIAE 112 nos concellos de Bueu e Moaña cando somos solicitados.

Que tamén somos requiridos polo Servizo de Gardacostas e de Salvamento Marítimo para colaborar en situacións de urxencia e emerxencia tanto nas rías de Vigo como na de Aldán-Pontevedra.”

Considerando que o Concello de Cangas, cumpre con todas as condicións que se especifican na orde e visto o informe anterior proponse á Xunta de Goberno Local:

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Primeiro.- Solicitar á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e facendo constar a aceptación das condicións especificadas na Orde citada, a adjudicación en propiedade ó Concello de Cangas:

1º.- “Liña 3: embarcación pneumática de salvamento e rescate”.

Segundo.- Facultar ao Sr. alcalde-presidente, D. Xosé Manuel Pazos Varela, para que asine a solicitude de subvención e que acepte a adjudicación do material, no caso de resolución favorable da Vicepresidencia.

Terceiro.- Remitir o acordo da Xunta de Goberno Local achegado da documentación que se sinala na orde da citada Consellería.

EXPEDIENTE 1898/2017. DACIÓN CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA DE CONCESIÓN DE AXUDAS CON CARGO AO POS 2017. LIÑA 1-INVESTIMENTOS. LIÑA 2-GASTO CORRENTE E LIÑA 3- EMPREGO PARA CONSERVACIÓN DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Deputación Provincial de Pontevedra mediante diferentes resolucións acordou conceder con cargo ás bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2017 publicadas no BOPPO nº 249 de data 30/12/2016, e ás solicitudes formuladas polo Concello, ata o día da data, as seguintes actuacións:

Denominación da actuación e liña	Importe concedido
Liña 1.-Vehículo eléctrico para servizo de mantemento de parques e xardíns. Resolución incorporada ao expediente 3029/2017	21.719,50
Liña 1.- Rozadora de brazo articulado con mando hidráulico e material de recambio para limpapraias. Resolución incorporada ao expediente 3025/2017	21.767,90
Liña 1.- Humanización das rúas Baiona e Méndez Núñez. Resolución incorporada ao expediente	151.802,90
Liña 1.- Arranxo cuberta Praza de Abastos. Resolución incorporada ao expediente 3439/2017	43.197,00
Liña 1.- Reposición de servizos e pavimentación en rúa Buenos Aires. Resolución incorporada ao expediente 3441/2017	57.863,03
Liña 2.- Tratamento de residuos sólidos urbanos. Resolución incorporada ao expediente 795/2017	163.353,49
Liña 3.- Emprego para conservación de bens e servizos municipais. Resolución incorporada ao expediente 619/2017	196.364,66

EXPEDIENTE 3231/2017. PS-17/08 PERSOAL LIMPEZA PRAIAS

Favorable

Tipo de votación:

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



PROPOSTA DE CONVOCATORIA E BASES DO PROCESO SELECTIVO PARA PARA A CONTRATACIÓN DE 25 TRABALLADORES/TRABALLADORAS PARA O SERVIZO DE LIMPEZA DAS PRAIAS DE CANGAS EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL CON PREVISIÓN DE LISTA DE AGARDA

Vista a proposta da concelleira de Turismo D^a Tania Castro Paredes de data 24.05.2017 dirixida a que se contratase a 25 traballadores/traballadoras para o servizo de limpeza nas praias de Cangas en réxime laboral temporal con previsión de listas de agarda esta Alcaldía dispuxo impulsar a tramitación do proceso proposto por providencia de Alcaldía de data 25.05.2017.

Respecto das limitacións á contratación de persoal laboral temporal establecidas na Lei 48/2015, de carácter básico, en particular no artigo 20.2) no que se dispón que: *“Durante o ano 2016 non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario temporal ou de funcionarios interinos agás en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.”*, previsión que se entende vixente ata tanto non se aprrobe unha nova Lei de orzamentos xerais do Estado.

Cómpre recordar como se sinalaba na proposta da concelleira de Turismo que serve de xustificación para dar inicio á presente tramitación que a contratación que se propón é un caso excepcional, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables e nun eido esencial como é o da limpeza e salubridade públicas, mediante a dotación dun servizo de recollida de residuos nas praias (artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local), nun Concello declarado pola Xunta de Galicia de Interese Turístico e durante un período o estival, no que as praias deste Concello reciben unha importante afluencia de usuarios.

A este respecto, por último debe destacarse a expresa referencia á limpeza en praias que se fai na Base de execución 51 do Orzamento do Concello de Cangas para 2017, que establece: *A efectos do disposto na Lei de orzamentos xerais do Estado, decláranse sectores prioritarios a efectos da contratación excepcional de persoal laboral temporal os servizos vinculados ás competencias establecidas polo artigo 26.1 apartados a) e b) da Lei 7/1985, de bases de réxime local, e o reforzo dos servizos vinculados á tempada estival derivados da condición do Concello de Cangas como municipio de interese turístico, como son os de Policía Local, socorrismo ou limpeza de praias.*

Decláranse tamén como prioritarias as tarefas de apoio administrativo, técnico, xurídico, así como o apoio á realización de tarefas propias das distintas escalas e subescalas nas que se organiza o funcionariado do Concello de Cangas, aos distintos departamentos, negociados, áreas ou análogos en que se organice o Concello e calquera outras que garantan o funcionamento interno da administración municipal.

A incorporación de novo persoal laboral temporal nestes servizos requirirá de informe-proposta do responsable do servizo, no que se motive adecuadamente a excepcionalidade, urxencia e inaprazabilidade da contratación e a idoneidade da modalidade contractual a utilizar.

Entenderase que os extremos anteriores están adecuadamente motivados cando se trate de contratacións derivadas de subvencións ou programas con financiamento alleo, sempre que



Concello de Cangas

este cubra unha parte substancial dos custos asociados á contratación.

Visto que a competencia para aprobar as bases de selección de persoal corresponde á Xunta de Goberno Local en función da delegación realizada por acordo do Concello Pleno de data 02.07.2015.

En consideración ao anteriormente exposto traslado á Xunta de Goberno Local para a súa aprobación a seguinte PROPOSTA:

PRIMEIRO.- Aprobar as bases para a selección e posterior contratación de 25 persoas para o Servizo de limpeza das praias de Cangas e a súa contorna con previsión de lista de agarda, bases que literalmente din:

“BASES ESPECIFICAS PARA A CONTRATACIÓN DE 25 TRABALLADORES/TRABALLADORAS PARA O SERVIZO DE LIMPEZA DAS PRAIAS DE CANGAS EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL CON PREVISIÓN DE LISTA DE AGARDA

PRIMEIRA. - OBXECTO DA CONVOCATORIA, CARACTERÍSTICAS DAS PRAZAS, RÉXIME DE CONTRATACIÓN É SISTEMA DE SELECCIÓN

O obxecto das presentes bases é a selección e posterior contratación de 25 persoas para o Servizo de limpeza das praias de Cangas e a súa contorna.

As contratacións serán de carácter laboral temporal a tempo parcial na modalidade de obra ou servizo, cunha xornada laboral 18 horas semanais distribuídos en xornadas diarias de luns a domingo cos descansos regulamentarios , cun salario bruto mensual de 452,85 euros, por un período de tempo inicialmente previsto de 3 meses comprendido entre o 22 de xuño ao 21 de setembro, susceptible de ser reducido en función de que a data de formalización da proposta de contratación vaia máis alá do 15.06.2017.

O procedemento de selección dos aspirantes será o de oposición libre.

Cos aspirantes que superaron as probas polas puntuacións obtidas, sen resultar seleccionados, confeccionarase un listado para cubrir as baixas ou renuncias que se produzan entre as persoas que si o fosen e para cubrir as necesidades de limpeza das praias de Cangas e a súa contorna durante os anos 2017 e 2018.

Os contratos que se subscriban incluirán a previsión dun período de proba dun mes de duración nos casos en que resulte procedente de acordo coa normativa de aplicación.

As persoas seleccionadas seralles de aplicación no momento da súa contratación o Acordo regulador das condicións de traballo do persoal ao servizo do concello de Cangas.

SEGUNDA.- REQUISITOS DOS/DAS ASPIRANTES

Para ser admitido/admitida á realización das probas selectivas os/as aspirantes deberán reunilos seguintes requisitos:

a) Ter nacionalidade española ou algunha outra que, consonte o disposto no artigo 52 da Lei

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



2/2015, de Emprego Público de Galicia, permita o acceso ao emprego público.

- b) Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.
- d) Non ter sido despedido/despedita mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos público por resolución xudicial, cando se trate de acceder a mesma categoría á cal se pertencía. No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ter sido sometido/sometida a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.
- e) Ter ingresada a taxa para participar no proceso selectivo segundo a correspondente ordenanza fiscal cinco con trinta e tres euros (5,33 €).

Os requisitos establecidos na norma anterior deberán cumprirse o último día do prazo de presentación de solicitudes. Será nula a selección dunha persoa que este incurso en causas de incapacidade específica coa normativa vixente. Os requisitos anteriores tamén deben cumprirse no momento do chamamento para o suposto das contratacións que se efectúen en uso da lista de agarda.

TERCEIRO.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR CON ELAS

Quen desexe tomar parte nas probas selectivas deberá facelo constar no modelo de instancia que acompaña ás presentes bases dirixida ao Alcalde- Presidente do Concello de Cangas, que deberá ser entregada no Rexistro Xeral, no prazo de dez días hábiles a contar dende o primeiro día hábil seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, en horario de atención ao público.

As instancias deberán presentarse no modelo específico deste proceso selectivo debidamente asinado que como Anexo II achega ás presentes bases, facendo constar expresamente o cumprimento dos requisitos expostos na base segunda, sen prexuízo de que ao final do proceso selectivo se deba acreditar documentalmente ese cumprimento. Non obstante deberá procederse a esta acreditación en calquera momento anterior se así o esixe o Negociado de Persoal do Concello ou o Tribunal de Selección.

As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario de Correos antes de seren certificadas. Caso de que a instancia non se presente directamente no rexistro xeral do concello o/a aspirante deberá dirixir por fax, ao 986 304850 unha copia da instancia con anterioridade ao remate do prazo na que figure a data de presentación no rexistro correspondente, aos efectos de que poida ser incluída na relación de admitidos/as.

Os/as interesados/interesadas presentarán xunto coa instancia no modelo indicado cuberto e asinado a seguinte documentación:

- Resgardo acreditativo do pagamento das taxas. Este pago deberá facerse previa obtención da



correspondente folla de liquidación da Tesourería do Concello.

- Fotocopia simple por ámbalas dúas caras, do DNI/NIE

Os aspirantes con algunha discapacidade deberan indicalo na súa solicitude e no seu caso solicitarán as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización dos exercicios nos que a adaptación fose necesaria.

CUARTA.-ADMISIÓN DOS ASPIRANTES

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución declarando aprobada a lista de admitidos e excluídos provisionais, con especificación, no seu caso, dos motivos de exclusión, a cal se publicará no Taboleiro de Anuncios do Concello (<http://cangas.sedelectronica.gal/board/>). Os aspirantes excluídos disporán de 3 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación do listado provisional para poder emendar, no seu caso o defecto que motivara a exclusión. No suposto de producirse reclamacións ditarase nova resolución estimándoas ou desestimándoas, o que se fará publico, igualmente, no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello. (<http://cangas.sedelectronica.gal/board/>).

O feito de figurar incluído na relación de admitidos non prexulga que se lle recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no proceso selectivo convocado. Estes deberán ser xustificados documentalmente no suposto de que os aspirantes admitidos superen a proba selectiva.

QUINTA.– TRIBUNAL CUALIFICADOR

O tribunal que xulgará as probas terá por obxecto garantir e supervisar o correcto desenvolvemento do proceso en tódalas súas fases. Estará composto por cinco membros. Non poderá constituírse sen a asistencia como mínimo de tres dos seus membros titulares ou suplentes.

Os membros titulares e suplentes terán igual ou maior titulación ca esixida aos aspirantes á praza convocada e terán voz e voto.

Os/as membros do tribunal deberán absterse de intervir, comunicándolle á Alcaldía cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime xurídico do sector público.

Así mesmo os membros do tribunal poderán ser recusados cando nos mesmos concorran algunha das circunstancias previstas de conformidade co establecido no art. 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

A composición efectiva do tribunal, así como a data e hora de realización dos exercicios, faranse públicos no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, integrando a resolución pola que se publique a lista provisional de admitidos e excluídos ao proceso selectivo, co fin de posibilitar a formulación de recusación contra os membros da comisión de selección.

O tribunal poderá contar coa colaboración dos asesores externos que considere oportunos, que actuarán con voz e sen voto, limitándose a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.



SEXTA.- SISTEMA DE SELECCIÓN

O sistema selectivo é a oposición libre e consistirá na realización de dúas probas:

1.- PROBA DE COÑECEMENTOS PRÁCTICOS

Exercicio escrito obrigatorio e eliminatorio. Os aspirantes contestarán por escrito a un test de 25 preguntas relacionadas co temario anexo, a realizar no día, hora e lugar que se indique na resolución pola que se publique o listado provisional de admitidos e excluídos. Este exercicio terá unha duración máxima de 50 minutos, sendo a puntuación máxima 98 puntos e sendo necesaria unha puntuación mínima de 49 puntos para acadar a cualificación de APTO. Aqueles aspirantes que non acaden a cualificación esixida quedarán eliminados.

Os aspirantes deberán marcar de forma clara e precisa a opción da resposta que consideran correcta. No caso de querer cambiar a súa elección deberán indicalo con claridade. En caso de dúbida respecto a opción efectivamente seleccionada a pregunta non puntuará.

O exame conterá catro preguntas adicionais como reserva para o caso de anulación dalgunha das preguntas do exame.

TEMARIO

O temario terá por obxecto avaliar os coñecementos e habilidades para desenvolver as funcións propias do cargo. Comprenderá aspectos como a limpeza medio ambiental e en concreto, das praias e da súa contorna: a recollida, tratamento e xestión dos diferentes tipos de residuos e coñecementos xerais sobre o municipio segundo o temario que a continuación se detalla:

1.- Estudo das praias do municipio

Localización

Superficie

Praias aptas para o baño

Praias con bandeira azul

2.- Xestión de residuos

A recollida selectiva: clases de colectores e clasificación dos residuos

Residuos perigosos e contaminantes e o seu tratamento

Tratamento das algas e outros residuos orgánicos

2.- PROBA DE COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

Proba non eliminatoria que se puntuará cun máximo de 2 puntos.

Consistirá na tradución dunha serie de 20 palabras propostas polo tribunal do galego ao castelán ou do castelán ao galego nun tempo máximo de 20 minutos. Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten ao tribunal antes da realización da proba a posesión do CELGA axeitado en función da titulación requirida para o acceso ás probas recibindo neste caso 2 puntos.

Todos os candidatos que concorran a realización da proba deberán ir provistos do seu DNI, NIE, pasaporte ou permiso de conducir, debendo presentalo ao tribunal cando así llo requiran. En caso de non presentar ningún de estes documentos, non se lle permitirá a realización da



proba.

Os aspirantes serán chamados a realización da proba nun único chamamento, quedando excluídos dos proceso os que non comparezan.

Por razóns de operatividade as persoas que desexen realizar a proba de coñecementos prácticos en castelán deberán facelo constar por escrito na instancia polo que se solicita a participación no proceso selectivo, de non facelo constar así entenderase que optan por facer o exame en galego.

A puntuación máxima total das probas de oposición será de 100 puntos.

SÉTIMA.- CUALIFICACIÓN FINAL

A cualificación final virá determinada pola puntuación obtida na proba selectiva. No suposto de empate na cualificación final de dous ou máis aspirantes, este resolverase a favor da persoa con maior puntuación na proba de coñecementos prácticos e de persistir o empate resolveríase mediante sorteo entre as persoas empatadas.

O tribunal seleccionador, fará pública, no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello a puntuación obtida polos/polas aspirantes. O tribunal cualificador non poderá en ningún caso, declarar máis aspirantes aprobados que prazas convocadas, calquera proposta que contraveña este mandato será nula de pleno dereito.

A continuación, o tribunal elevará a súa proposta á Alcaldía que ditará resolución para a contratación do/da candidato/candidata que acadase a maior puntuación.

OITAVA.- LISTA DE AGARDA

O tribunal incluírá na súa proposta unha lista de agarda para que será utilizado para cubrir as baixas ou renuncias que se produzan entre os aspirantes que obtiveron a contratación, así como para as novas necesidades do servizo de limpeza de praias durante os anos 2017 e 2018, ordenados exclusivamente polo resultado do proceso selectivo.

As contratacións que se efectúen en base a tal listado deberán facerse mediante a adopción dunha resolución de Alcaldía na que se fundamentará a necesidade de acudir a ela e que contará cos informes preceptivos previos.

A renuncia inustificada ao contrato suporá a exclusión do listado. A renuncia por causa xustificada deberá acreditarse documentalmente e suporá que se pasará ao seguinte aspirante do listado sen exclusión daquel e sen modificar a súa orde. A imposibilidade de contactar co interesado suporá que se pasará ao seguinte aspirante do listado, se esta imposibilidade se repetise en dúas ocasións igualmente suporá a exclusión da lista.

O chamamento efectuarase seguindo a orde do listado aprobado de tal xeito que, cumpridos tres meses de contrato por este listado, pasarase ao seguinte integrante da lista.

Este chamamento efectuarase telefonicamente, facendo ata dúas tentativas, no teléfono que proporcionarán a tal efecto na súa instancia os aspirantes seleccionados, o teléfono citado poderá ser modificado posteriormente comunicándoo ao Negociado de Persoal. De resultar infrutuosas ambas chamadas pasarase a contactar coa seguinte persoa da lista, coas



consecuencias establecidas no parágrafo anterior.

As persoas integrantes da lista deberán presentar a documentación requirida polo Negociado de Persoal para a súa contratación considerando renuncia inustificada a non presentación da citada documentación no prazo que se lle indique.

NOVENA.- PUBLICIDADE DAS BASES E DA CONVOCATORIA DESTAS

As presentes bases estarán expostas ao público, no taboleiro de anuncios do Concello (<http://cangas.sedelectronica.gal/board/>) e na páxina web do concello (<http://cangas.gal/>) durante o prazo sinalado para a presentación de instancias, publicando un anuncio da convocatoria no BOP de Pontevedra.

O taboleiro de anuncios da Casa do Concello será o medio para dar publicidade a todas las notificacións dos actos que deriven do proceso selectivo iniciado coas presentes bases.

DÉCIMA .- CARÁCTER DAS BASES E INCIDENCIAS

As presentes bases desta convocatoria vinculan á administración local convocante, ao tribunal cualificador e aos aspirantes que participen no proceso. O tribunal de selección queda facultado para a interpretación das bases da convocatoria, así como, para resolver cantas dúbidas e incidencias produza a súa aplicación durante o proceso selectivo, podendo adoptar os acordos necesarios na procura da boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

UNDÉCIMA.- DISPOSICIÓN FINAL

As presentes bases e cantos actos administrativos deriven destas e das actualizacións do tribunal de selección, poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas e polo disposto nas presentes bases.

Así mesmo a administración municipal poderá, no seu caso, proceder á revisión das resolucións dos tribunais conforme ó previsto na devandita Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

SEGUNDO.- Convocar o proceso selectivo mencionado e ordenar que se sigan todos os trámites ata que se proceda ás contratacións e aprobación de listado previsto nas bases.

TERCEIRO.- Que se proceda a publicación das bases de acordo co disposto nestas.

EXPEDIENTE 2784/2017. PS-17/07 PROCESO SELECTIVO SALVAMENTO 2017. SOCORRISTAS E PATRÓNS



Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

PROPOSTA DE CONVOCATORIA E BASES DO PROCESO SELECTIVO PARA A SELECCIÓN DE 25 SOCORRISTAS E 3 PATRÓNS PARA O SERVIZO DE SALVAMENTO NAS PRAIAS DE 2017 (15 SOCORRISTAS AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA QUE SE REGULA NA ORDE DO 2 DE MAIO DE 2017, POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES QUE REGULAN AS AXUDAS E SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DE EMPREGO E MELLORA DA EMPREGABILIDADE NO ÁMBITO DE COLABORACIÓN COAS ENTIDADES LOCAIS E SE PROCEDE A SÚA COBERTURA PARA O EXERCICIO DO ANO 2017 E 10 SOCORRISTAS E 3 PATRÓNS CON CARGO A FONDOS PROPIOS DO CONCELLO) CON PREVISIÓN DE CONFECCIÓN DUN LISTADO DE AGARDA

Vista a proposta da concelleira de Turismo D^a Tania Castro Paredes de data 18.05.2017 dirixida a que se contratase a 25 traballadores/traballadoras para o servizo de limpeza nas praias de Cangas en réxime laboral temporal con previsión de listas de agarda.

Vista a autorización para a contratación anticipada de 15 socorristas de data 25.05.2017 emitida con base na solicitude formulada polo Concello de Cangas de outorgamento da subVENCIÓN DA Consellería de Economía, Emprego e Industria que se regula na Orde do 02.05.2017, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subVENCIÓNS para o fomento de emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e a oferta remitida a tal efecto ao servizo público de emprego con data de rexistro 26.05.2016.

Vista a existencia de crédito, da que queda constancia no expediente, para acometer a contratación dos 10 socorristas e 3 patróns que completan as necesidades totais do servizo de salvamento en praias para o ano 2017 e que se cifran en 25 socorristas e 3 patróns.

Visto que malia ás limitacións á contratación de persoal laboral temporal establecidas na Lei 48/2015, de carácter básico, En particular no artigo 20.2) no que se dispón que: “Durante o ano 2016 non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario temporal ou de funcionarios interinos agás en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.” Previsión que se entende vixente ata tanto non se aprobe unha nova Lei de Orzamentos Xerais do Estado, cómpre recordar como se sinalaba na proposta da concelleira de Turismo que serve de xustificación para dar inicio á presente tramitación que a contratación que se propón é un caso excepcional, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables nun Concello declarado pola Xunta de Galicia de Interese Turístico durante un período, o estival, no que as praias deste Concello reciben unha importante afluencia de usuarios.

A este respecto, por último debe destacarse a expresa referencia ao socorrismo en praias que se fai na Base de execución 51 do Orzamento do Concello de Cangas para 2017, que establece:

A efectos do disposto na Lei de Orzamentos Xerais do Estado, decláranse sectores prioritarios a efectos da contratación excepcional de persoal laboral temporal os servizos vinculados ás competencias establecidas polo artigo 26.1 apartados a) e b) da Lei 7/1985, de bases de réxime local e o reforzo dos servizos vinculados á tempada estival derivados da condición do Concello de Cangas como municipio de interese turístico, como son os de Policía Local, socorrismo ou limpeza de praias.



Decláranse tamén como prioritarias as tarefas de apoio administrativo, técnico, xurídico, así como o apoio á realización de tarefas propias das distintas escalas e subescalas nas que se organiza o funcionariado do Concello de Cangas, aos distintos Departamentos, Negociados, Áreas ou análogos en que se organice o Concello e calquera outras que garantan o funcionamento interno da administración municipal.

A incorporación de novo persoal laboral temporal nestes servizos requirirá de informe-proposta do responsable do servizo, no que se motive adecuadamente a excepcionalidade, urxencia e inaprazabilidade da contratación e a idoneidade da modalidade contractual a utilizar.

Entenderase que os extremos anteriores están adecuadamente motivados cando se trate de contratacións derivadas de subvencións ou programas con financiamento alleo, sempre que este cubra unha parte substancial dos custos asociados á contratación.

Visto que a competencia para aprobar as bases de selección de persoal corresponde á Xunta de Goberno Local en función da delegación realizada por acordo do Concello Pleno de data 02.07.2015.

En consideración ao anteriormente exposto traslado á Xunta de Goberno Local para a súa aprobación a seguinte PROPOSTA:

PRIMEIRO.- Aprobar as bases para a selección e posterior contratación de de 25 socorristas e 3 patróns precisos para o servizo de salvamento en praias do Concello de Cangas na temporada de 2017 con previsión de lista de agarda, bases que literalmente din:

“BASES PARA A SELECCIÓN DE 25 SOCORRISTAS E 3 PATRÓN PARA O SERVIZO DE SALVAMENTO NAS PRAIAS DE 2017 (15 SOCORRISTAS AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA QUE SE REGULA NA ORDE DO 2 DE MAIO DE 2017, POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES QUE REGULAN AS AXUDAS E SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DE EMPREGO E MELLORA DA EMPREGABILIDADE NO ÁMBITO DE COLABORACIÓN COAS ENTIDADES LOCAIS E SE PROCEDE A SÚA COBERTURA PARA O EXERCICIO DO ANO 2017 E 10 SOCORRISTAS E 3 PATRÓN CON CARGO A FONDOS PROPIOS DO CONCELLO) CON PREVISIÓN DE CONFECCIÓN DUN LISTADO DE AGARDA

PRIMEIRA.- OBXECTO, RÉXIME DE CONTRATACIÓN, SISTEMA DE SELECCIÓN E PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA

O obxecto das presentes bases é a selección e posterior contratación de 25 socorristas e 3 patróns precisos para o servizo de salvamento en praias do Concello de Cangas na temporada de 2017. Tendo en conta a subvención da Consellería de Economía, Emprego e Industria que se regula na Orde do 02.05.2017, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento de emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais, vista a autorización para a contratación anticipada de data 25.05.2017 emitida con base na solicitude formulada polo Concello de Cangas de outorgamento de tal subvención, 15 socorristas serán seleccionados en base a esta e os 10 socorristas restantes e os 3 patróns ata cubrir as necesidades do servizo en base a fondos propios do Concello.

A contratación será de carácter laboral e temporal, na modalidade de contrato de duración



determinada de interese social para os aspirantes seleccionados ao abeiro da subvención e na modalidade de obra ou servizo para o servizo de salvamento en praias do Concello de Cangas 2017 para as prazas restantes, cunha duración prevista inicialmente de 3 meses a contar desde a data da sinatura do contrato, se ben esta duración inicial poderá ser reducida para o caso de que a posta en marcha do servizo se inicie máis tarde do 15 de xuño, en réxime de xornada completa, cun salario bruto mensual, de mil corenta e cinco euros con cincuenta e cinco céntimos (1045,55 €) para os patróns e de novecentos setenta e catro euros con noventa e nove céntimos (974,99 €) para os socorristas.

Os/as patróns/patroas e socorristas estarán destinados ao servizo de salvamento en praias do Concello de Cangas tendo en conta que entre as súas funcións o persoal seleccionado asume a obriga de efectuar as tarefas de coordinación, enlace e fornecemento de material do servizo de salvamento de praias que lle sexan encomendadas por parte da concellería responsable da área de Turismo.

A contratación do persoal seleccionado con base na autorización de contratación anticipada de data 25/05/2017 emitida pola Consellería de Economía, Emprego e Industria na tramitación da concesión da subvención mencionada está ligada ao outorgamento efectivo desta. Por este motivo os tres meses indicados anteriormente poderán ser reducidos en función do tempo establecido na resolución definitiva pola que se outorgue a subvención tendo en conta que as retribucións poderán axustarse tamén ao estipulado nesta.

Os aspirantes seleccionados e os aspirantes que tendo superado o proceso selectivo, e pola nota final non acadasen praza, integrarán un listado para cubrir as necesidades de contratación de socorristas e patróns para o Concello de Cangas durante os anos 2017 e 2018 e as baixas ou renuncias que se puideran producir entre o persoal que si resultase seleccionado.

As contratacións que se efectúen en base as listas realizaranse en función da puntuación obtida no proceso selectivo coa excepción das contratacións que se teñan que efectuar en base a unha oferta previa ao servizo público de emprego para as que será condición necesaria figurar na preselección que se realice por aquel.

O sistema de selección será o de oposición.

As presentes bases estarán expostas ao público no taboleiro de anuncios do Concello ata o día da realización do exercicio co fin de posibilitar a presentación de reclamacións ou suxestións as bases, así como na páxina web do Concello de Cangas (www.cangas.gal). Igualmente publicarase un anuncio da convocatoria no BOP de Pontevedra.

O taboleiro de anuncios da Casa do Concello será igualmente, o medio para dar publicidade a todas as notificacións dos actos que deriven do proceso selectivo iniciado coas presentes bases.

SEGUNDA.- REQUISITOS DOS/DAS ASPIRANTES

Para ser admitido/admitida á realización das probas selectivas os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ser cidadán/cidadá español/española ou atoparse dentro do ámbito previsto no artigo 57 do Real decreto legislativo 5/2015.

b) Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.



- c) Posuír a capacidade funcional necesaria para o desempeño das tarefas que se van realizar.
- d) Estar en posesión do Título de Graduado Escolar ou equivalente.
- e) Estar en posesión do título de patrón de navegación básica PNB ou superior, (para as prazas de patrón) cumprir co disposto no Decreto 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia na redacción resultante da entrada en vigor do Decreto 35/2017, do 30 de marzo, polo que se modifica o anterior, estando en posesión do carné de socorrista en espazos acuáticos naturais emitido de acordo co citado decreto (para as prazas de socorrista).
- f) Non ter sido apartado mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás comunidades autónomas ou ás entidades locais, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- g) Non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade
- h) Estar incluído/incluída nos listados remitidos pola Oficina de Emprego de Cangas (preselección) para optar as 15 prazas obxecto de contratación na modalidade de contrato de duración determinada de interese social.
- i) Ter satisfeito a taxa por dereitos de exame nos termos establecidos na base cuarta.

TERCEIRA.- SOLICITUDES E PRAZO DE ADMISIÓN DESTAS

Os que desexen tomar parte nas probas selectivas deberán facelo constar no modelo de instancia que achega ás presentes bases dirixida ao Alcalde- Presidente do Concello de Cangas, que deberá ser entregada no Rexistro Xeral, no prazo de dez días hábiles a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOP, en horario de atención ao público.

Este modelo de instancia inclúe o modelo de declaración polo que se fai constar expresamente o cumprimento dos requisitos establecidos na base segunda, sen prexuízo de que ao final do proceso selectivo se deba acreditar documentalmente ese cumprimento. Non obstante deberá procederse a esta acreditación en calquera momento anterior se así o esixe o Negociado de Persoal do Concello ou o tribunal de selección.

As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario de Correos antes de seren certificadas. Caso de que a instancia non se presente directamente no rexistro xeral do concello o/a aspirante deberá dirixir por fax, ao 986 304850 unha copia da instancia con anterioridade ao remate do prazo na que figure a data de presentación no rexistro correspondente, aos efectos de que poida ser incluída na relación de admitidos/admitidas.

Os/as interesados/interesadas presentarán as súas solicitudes sinalando a praza a que aspiran achegadas da seguinte documentación:

- O modelo de instancia que achega ás presentes bases debidamente cuberto e asinado.



- Fotocopia simple por ámbalas dúas caras do DNI.
- Fotocopia da titulación académica e específica requirida nas presentes bases.
- Resgado acreditativo de ter satisfeito as taxas (excepto no suposto dos aspirantes as prazas de socorristas remitidos polo Servizo Público de Emprego).

Para as prazas obxecto da autorización para a contratación anticipada de data 25.05.2017 antes citada o Concello de Cangas solicitará os traballadores e traballadoras desempregados/desempregadas acordes ao perfil a seleccionar mediante presentación de oferta de emprego na Oficina de emprego de Cangas.

Esta oficina realizará as sondaxes de demandantes aos que se lles comunicará a existencia desta oferta de emprego para que poidan concorrer a esta.

O Concello de Cangas resérvase o dereito a solicitar sondaxes complementarias á oficina de emprego no caso de que non se acade un ratio mínimo de dous candidatos interesados por posto a seleccionar.

Os erros de feito que poidan advertirse poderán emendar ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ben a instancia de parte.

O Concello poderá requirir en calquera momento a comprobación de estar en posesión dos requisitos da convocatoria establecidos na base anterior e excluír do proceso a calquera aspirante que non reúna ditos requisitos.

CUARTA.- DEREITOS DE EXAME

Será requisito necesario para poder participar na proba selectiva o aboamento dos dereitos de exame dentro do período previsto para a presentación de instancias. Segundo o establecido na ordenanza fiscal municipal correspondente, a cantidade a aboar son oito euros con cincuenta e dous céntimos (8,52 €) (deberá facerse previa obtención da correspondente folla de liquidación na Tesourería do Concello).

Os aspirantes remitidos polo Servizo Público de Emprego non aboarán a taxa.

QUINTA.- ADMISIÓN DOS ASPIRANTES

Finalizado o prazo de presentación de instancias, a Presidencia da Corporación aprobará a lista provisional de admitidos/admitidas e excluídos/excluídas, especificando, no seu caso, os motivos da exclusión, o que será exposto no taboleiro de anuncios deste Concello. Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de 3 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación para poder emendar, no seu caso o defecto que motivase a exclusión. No suposto de producirse reclamación, ditarase nova resolución estimándoas ou desestimándoas o que se fará público, igualmente no taboleiro de anuncios do Concello no prazo de 2 días hábiles do remate do prazo anterior. O feito de figurar incluído na relación de admitidos non prexulga que se lle recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no proceso selectivo convocado os cales deberán ser xustificados documentalmente no suposto de que os aspirantes admitidos superen a proba selectiva.

SEXTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR



O tribunal que xulgará as probas terá por obxecto garantir e supervisar o correcto desenvolvemento do proceso en todas as súas fases. Estará composto por cinco membros. Non poderá constituírse sen a asistencia como mínimo de tres dos seus membros titulares ou suplentes. Os membros titulares e suplentes terán igual ou maior titulación ca esixida aos aspirantes á praza convocada e terán voz e voto.

A composición efectiva do tribunal se fixará na resolución pola que se publique o listado provisional de admitidos e excluídos e a data de exame.

Os/as membros do tribunal deberán absterse de intervir, comunicándolle á Alcaldía cando concorra neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime xurídico do sector público.

Así mesmo, os aspirantes, poderán recusar os membros do tribunal cando nestes concorra algunha das circunstancias previstas para elo de conformidade co establecido no art. 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

O tribunal poderá contar coa colaboración dos asesores externos que considere oportunos, que actuarán con voz e sen voto, limitándose a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

O tribunal constituírse con antelación suficiente ao inicio da primeira proba da oposición que se establece nas presentes bases.

SÉTIMA.– SISTEMA DE SELECCIÓN, FORMA DE DESENVOLVEMENTO E SISTEMA DE CUALIFICACIÓN

Os aspirantes no día, hora e lugar para o que fosen citados na resolución pola que se aprobe o listado provisional de admitidos e excluídos serán convocados para a realización da proba práctica da fase de oposición, sendo os sucesivos exercicios fixados mediante acordo do tribunal de selección. Acordo que se publicará na páxina web do Concello e no taboleiro municipal indicando o día, hora e lugar que tivese acordado. As probas da fase de oposición serán as seguintes:

PROBA PRÁCTICA

Os aspirantes serán convocados no día, hora e lugar que acorde o tribunal e que se publicará no taboleiro e na páxina web do Concello para a realización dunha proba práctica, de carácter eliminatorio, previo chamamento único. As probas a realizar serán:

PARA AS PRAZAS DE PATRÓN:

Versará sobre o manexo da embarcación, manobras de atraque e desatraque, entrada e saída en praia e en porto, nas condicións esixidas polo tribunal. A puntuación máxima na proba práctica será de 90 puntos sendo necesario obter como mínimo 45 puntos para non quedar eliminado.

PARA AS PRAZAS DE SOCORRISTA:

Consistirá en correr 200 metros, entrar no mar e nadar unha distancia que será establecida polo tribunal ao inicio da proba en función das circunstancias meteorolóxicas para recoller un



moneco de rescate acuático, remolcalo coa técnica adecuada ata a beira e sacalo da auga ata o punto sinalado polo Tribunal. A proba terá unha puntuación máxima de 90 puntos resultando preciso lograr 45 puntos para non quedar eliminado. O tribunal antes do comezo da proba estipulará os tempos requiridos, tempo máximo para a execución da proba. A puntuación dependerá do tempo máximo establecido en función das circunstancias meteorolóxicas aplicando as puntuacións proporcionalmente aos tempos obtidos tomando como referencia o do aspirante que obtivera o mellor tempo.

PROBA DE COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

De carácter obrigatorio e non eliminatorio e común para ambas categorías (socorristas e patróns). Consistirá na tradución castelán-galego e galego-castelán dun texto proposto polo tribunal de non menos de cinco liñas. A proba valorarase de 0 a 10 puntos.

Quedarán exentos da realización deste exercicio os aspirantes que acrediten estar en posesión do certificado en Lingua Galega – nivel 2 (CELGA 2) ou superior, ou a súa validación, ou a certificación do curso de Lingua Galega de Iniciación. Os aspirantes que acheguen dito certificado se puntuarán con 10 puntos. O certificado deberá ser presentado ao tribunal con antelación á realización da proba.

OITAVA.- DESIGNACIÓN DAS PERSOAS APROBADAS

Rematado o proceso de selección o tribunal determinará a cualificación final do proceso que será o resultado de sumar as puntuacións das dúas probas da oposición. No suposto de empate na cualificación final de dous ou máis aspirantes, este resolverase polo tribunal en primeiro lugar atendendo a puntuación na proba práctica, de persistir este facendo unha serie de preguntas adicionais entre os aspirantes empatados en materia de socorrismo e coñecementos sobre o Concello e a ordenanza de praias vixente, de persistir o empate este desfarase por sorteo.

A continuación, o tribunal fará público o resultado do proceso e elevará ao órgano de contratación a correspondente proposta de contratación que inclúa os 25 aspirantes propostos para ser contratados como socorristas para o ano 2017 dos cales 15 serán os aspirantes con mellor resultado de entre os preseleccionados polo Servizo Público de Emprego para os que se formalizarán contratos na modalidade de contrato de duración determinada de interese social e os 10 socorristas restantes seleccionados serán os que obtiveran mellores resultados con independencia de que figuren ou non en tal preselección e que serán contratados con cargo a fondos propios do Concello). Do mesmo xeito designará os 3 aspirantes propostos para ser contratados como patróns para o ano 2017.

As persoas propostas serán contratadas sempre que estean en disposición de ser contratadas e que cumpran con todos os requisitos e obrigas establecidos nas presentes bases e na normativa de aplicación.

De chegar ao remate do proceso selectivo e non obter a cobertura das 15 prazas ofertadas a través do Servizo Público de Emprego o Concello de Cangas, poderá dispoñer mediante resolución da Alcaldía realizar novas ofertas sucesivas ao servizo público de emprego para a realización de novos procesos de selección que se rexerán polas presentes bases.

NOVENA.- LISTA DE AGARDA



O tribunal incluíra na súa proposta dous listados de agarda, un de socorristas e outro de patróns, que estarán constituído por todos os aspirantes que superasen o proceso selectivo con independencia de que obtivesen ou non unha das 25 prazas de socorristas e 3 de patróns previstas para o ano 2017 ordenados exclusivamente polo resultado do proceso selectivo.

Estes listados servirán para a cobertura necesidades de contratación de socorristas e patróns durante os anos 2017 e 2018, ben as que poidan derivarse das renuncias das persoas seleccionadas, ben por novas necesidades de contratación.

Estas listas servirán tamén para a cobertura de prazas nos supostos de novas contratacións subvencionadas pero neste caso os integrantes do listado terán que estar incluídos na preselección que faga o servizo público de emprego.

As contratacións que se efectúen en base a tal listado deberán facerse mediante a adopción dunha resolución de Alcaldía na que se fundamentará a necesidade de acudir a ela e que contará cos informes preceptivos previos.

A renuncia inustificada ao contrato suporá a exclusión do listado. A renuncia por causa xustificada deberá acreditarse documentalmente e suporá que se pasará ao seguinte aspirante do listado sen exclusión daquel e sen modificar a súa orde. A imposibilidade de contactar co interesado suporá que se pasará ao seguinte aspirante do listado, se esta imposibilidade se repetise en dúas ocasións igualmente suporá a exclusión da lista. O chamamento efectuarase seguindo a orde do listado aprobado de tal xeito que non se pasará a seguinte persoa do listado en tanto a anterior estea en disposición de traballar. Este chamamento efectuarase telefonicamente, facendo ata dúas tentativas, no teléfono que proporcionarán a tal efecto na súa instancia os aspirantes seleccionados, o teléfono citado poderá ser modificado posteriormente comunicándoo ao Negociado de Persoal. De resultar infrutuosas ambas chamadas pasarase a contactar coa seguinte persoa da lista, coas consecuencias establecidas no parágrafo anterior.

As persoas integrantes da lista deberán presentar a documentación requirida polo Negociado de Persoal para a súa contratación considerando renuncia inustificada a non presentación da citada documentación no prazo que se lle indique.

Sen prexuízo da titulación e requisitos requiridos para acceder ao presente proceso selectivo as persoas que integran os listados deberán manter en vigor e no seu caso actualizar de acordo coa normativa vixente en cada momento os títulos, tarxetas profesionais e requisitos precisos para poder ser contratados en cadansúa categoría.

DÉCIMA.– INTERPRETACIÓN DAS BASES

As presentes bases vinculan á administración local que convoca, ao tribunal cualificador e os/as aspirantes que participen no proceso.

O tribunal cualificador queda facultado durante o desenvolvemento do proceso de selección para resolvelas dúbidas e incidencias a que dea lugar a súa aplicación, podendo adoptar resolucións, criterios e medidas con aqueles aspectos non regulados na presente convocatoria.

DÉCIMO PRIMEIRA.– NORMA FINAL

As presentes bases e cantos actos administrativos deriven destas e das actualizacións do



Concello de Cangas

tribunal de selección, poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas e polo disposto nas presentes bases.

Así mesmo a administración municipal poderá, no seu caso, proceder á revisión das resolucións dos tribunais conforme ó previsto na devandita Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850